



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 549

VIII legislatura

29 de setembro de 2011

Fascículo 3

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

3. Procedementos de control e impulso

3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

3.8.1. Memoria anual do Consello de Contas e informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma

Propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios aos informes de fiscalización do sector público de Galicia correspondentes ao exercicio económico de 2008

— 6 propostas de resolución do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 71069) [160031](#)

— 5 propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 71071) [160033](#)

— 5 propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (71063) [160035](#)

Recomendacións presentadas polos grupos parlamentarios á Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2010

— 3 recomendacións do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 71068) [160037](#)

— 10 recomendacións do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 71072) [160039](#)

— 5 recomendacións do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (71064) [160042](#)

3. Procedementos de control e impulso

3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

3.8.1. Memoria anual do Consello de Contas e informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma

Propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios aos informes de fiscalización do sector público de Galicia correspondentes ao exercicio económico de 2008

Presidencia

De conformidade co disposto no artigo 65 do Regulamento do Parlamento de Galicia e na norma 8.^a e concordantes das reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia (BOPG núm. 400, do 30 de abril de 1993), ordénase a publicación das propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios aos informes de fiscalización do sector público de Galicia correspondentes ao exercicio económico de 2008.

— 6 propostas de resolución do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 71069).

— 5 propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 71071).

— 5 propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (71063).

Total: 16 propostas de resolución.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

Recomendacións presentadas polos grupos parlamentarios á Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2010

Presidencia

De conformidade co disposto no artigo 65 do Regulamento do Parlamento de Galicia e na norma 8.^a e concordantes das reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia (BOPG núm. 400, do 30 de abril de 1993), ordénase a publicación das recomendacións presentadas polos grupos parlamentarios á Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2010.

— 3 recomendacións do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 71068).

— 10 recomendacións do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 71072).

— 5 recomendacións do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (71064).

Total: 18 recomendacións.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz e ao abeiro do disposto nas Normas Reguladoras das Relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Propostas de Resolución** ao Informe de fiscalización sobre o sector público de Galicia correspondente ao exercicio de 2008:

Resolución núm. 1

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que continúe traballando na liña de anticipar a rendición da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, da Conta Xeral do Sergas e o Informe de actividade económico-financiera das entidades públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, coa finalidade de que este poida aproximar os mencionados Informes ao exercicio en curso; incluíndo para elo a posibilidade de reformar o prazo establecido no Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

Resolución núm. 2

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar dando cumprimento efectivo ás recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia, no seus Informes de Fiscalización.

Resolución núm. 3

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que informe anualmente ao Parlamento de Galicia, a través da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, das actuacións realizadas para facer o seguimento do cumprimento das recomendacións do Consello de Contas de Galicia.



Resolución núm. 4

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Consello de Contas, de acordo co previsto no artigo 4, letra f, da Lei 6/1985, do Consello de Contas, unha consulta relativa aos posibles mecanismos alternativos de transparencia e control do financiamento público privado para a súa posible aplicación pola Xunta de Galicia.

Resolución núm. 5

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que en relación coas modificacións de creto se realice unha mellor planificación plurianual dos fondos europeos que evite que, ao final de cada exercicio, se distorsione o orzamento autorizado e o seu grao de execución e se xenere un excesivo emprego das incorporacións orzamentarias previstas no artigo 71 do Texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

Resolución núm. 6

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que poña en marcha os mecanismos oportunos para recoller de forma axeitada o inventario de bens da administración autonómica.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/09/2011 17:38:45



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión non legislativa para as Relacións co Consello de Contas

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 8.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Propostas de Resolución ao Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2008.**

Resolución n.º 1.-

Apróbase a Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao ano 2008.

Resolución n.º 2.-

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia ao cumprimento das recomendacións contidas no Informe de fiscalización emitido polo Consello de Contas, correspondente ao exercicio 2008.

Resolución n.º 3.-

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que todos os organismos e entidades utilicen o idioma galego na súa relación co Consello de Contas.

Resolución n.º 4.-

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a mellorar a regulación, control e información relativa á posibilidade de comprometer gastos con cargo a exercicios futuros, en particular, mediante os acordos de colaboración público - privada, incluíndo nos estados de gastos das leis anuais de orzamentos, as previsións de gastos e a relación de proxectos a executar durante o exercicio por medio destes instrumentos.



Grupo Parlamentario

Resolución n.º 5.-

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a facer efectivas sen máis demora as prestacións derivadas da aplicación da Lei de autonomía persoal que xa están recoñecidas.


Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2011

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/09/2011 18:14:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2011 17:15
Nº Rexistro: 71063
Data envío: 26/09/2011 17:15:44.236

Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa Para as Relacións co Consello de Contas

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 7.1 das normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galiza, presenta as seguintes **Propostas de Resolución ao Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galiza para o exercicio de 2008**.

Resolución núm. 1.

Aprobase a Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galiza, correspondente ao ano 2008.

Resolución núm. 2.


O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza ao cumprimento das recomendacións contidas no Informe de fiscalización emitido polo Consello de Contas, correspondente ao exercicio 2008.

Resolución núm. 3.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza para que todos os organismos e entidades utilicen o idioma galego na súa relación co Consello de Contas.

Resolución núm. 4.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a mellorar a regulación, control e información relativa á posibilidade de comprometer gastos con cargo a exercicios futuros, en particular, mediante os acordos de colaboración público-



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2011 17:15
Nº Rexistro: 71063
Data envío: 26/09/2011 17:15:44.236

privada, incluíndo nos estados de gastos das leis anuais de orzamentos, as previsións de gastos e a relación de proxectos a executar durante o exercicio por medio destes instrumentos.

Resolución núm. 5.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a facer efectivas sen mais demora as prestacións de dependencia xa recoñecidas.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2011.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 26/09/2011 13:28:55

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 7.1 da normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Recomendacións**, respecto da Memoria de actividades do Consello de Contas do exercicio de 2010:

Recomendación núm. 1

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a continuar aproximando os Informes da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, da Conta Xeral do Sergas e o Informe de actividade económico-financeira das entidades públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, ao exercicio en curso, con independencia da presentación dos restantes informes de fiscalización selectiva.

Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a que, unha vez asinado o convenio de colaboración entre o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas de Galicia, para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das Contas xerais das entidades locais, se informe, difunda e facilite a rendición telemática das contas dos entes locais de Galicia.

Recomendación núm. 3

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a manter con carácter periódico os Informes sobre a Actividade Económico-financeira das Entidades Públicas dependentes da Administración Xeral da C.A., presentado por vez primeira no exercicio de 2006 e se lle dou continuidade nos exercicios de 2007 e 2008.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2011



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/09/2011 17:38:59



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión non lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 7.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Recomendacións**, respecto do balance de actividades realizadas polo Consello, para a fiscalización das contas do exercicio 2010.

Recomendación n.º 1.-

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a realización dun Programa de Traballo Plurianual que garanta a fiscalización íntegra e con regularidade das entidades que compoñen a Administración Institucional da Xunta de Galicia, e o conxunto do sector público **autonómico**.

Recomendación n.º 2.-

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a presentar na Comisión Permanente non Lexislativa de Relacións co Consello de Contas o Programa de Traballo, no trimestre anterior ao inicio do período para o que se producirá a fiscalización, co obxecto de efectuar as recomendacións oportunas.

Recomendación n.º 3.-

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas para que, anualmente, presente un balance específico sobre o nivel de cumprimento das súas recomendacións, e un análise detallado por departamentos ou áreas dentro do sector público autonómico.

Recomendación n.º 4.-

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a seguir incrementando o esforzo de aproximar os seus informes á cronoloxía dos exercicios fiscalizados.



Grupo Parlamentario

Recomendación n.º 5.-

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a incluír nos planos anuais de fiscalización aquelas Corporacións Locais que, de xeito reiterado, incumpren a obriga de presentación das súas contas anuais.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Recomendación n.º 6.-

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas á realizar un informe de fiscalización específico sobre a situación actual e a evolución recente do endebedamento da Comunidade Autónoma, incluíndo as obrigas contraídas por medio de instrumentos de financiamento público – privado, que abrangan a totalidade do sector público autonómico.

Recomendación n.º 7.-

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización específico sobre a publicidade e a transparencia nos procedementos de contratación das entidades que conforman o sector público autonómico.

Recomendación n.º 8.-

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización específico sobre o grao de cumprimento dos fins para as que foron creadas cada unha das entidades (empresas e sociedades públicas, organismos autónomos, fundacións, etc) que conforman o sector público autonómico.

Recomendación n.º 9.-

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización específico das entidades públicas (empresas e sociedades públicas, fundacións, etc) dependentes ou con participación maioritaria das Deputacións Provinciais, co obxecto de coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos para os que foron creadas.



Grupo Parlamentario

Recomendación n.º 10.-

Partido dos
Socialistas
de Galicia


O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a que, unha vez asinado o convenio de colaboración entre o Tribunal de Cuentas e o consello de Contas de Galicia, para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das Contas Xerais das entidades locais, se informe, difunda e facilite a rendición telemática das contas dos entes locais de Galicia.

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2011

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/09/2011 18:14:18



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2011 17:16
Nº Rexistro: 71064
Data envío: 26/09/2011 17:16:27.469

Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa Para as Relacións co Consello de Contas

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 8.1 das normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galiza, presenta as seguintes **Recomendacións**, respecto do balance de actividades realizadas polo Consello, para a fiscalización das contas do **exercicio 2010**.

Recomendación núm. 1.

O Parlamento de Galiza insta ao Consello de Contas a seguir incrementando o esforzo de aproximar os seus informes á cronoloxía dos exercicios fiscalizados.


Recomendación núm. 2.

O Parlamento de Galiza insta ao Consello de Contas a incluír nos planos anuais de fiscalización aquelas Corporacións Locais que, de xeito reiterado, incumpren a obriga de presentación das súas contas anuais, poñendo de manifesto cales son as causas que motivan semellantes incumprimentos.

Recomendación núm. 3.

O Parlamento de Galiza insta ao Consello de Contas á realizar un informe de fiscalización específico sobre a situación actual e a evolución recente do endebedamento da Comunidade Autónoma, incluíndo as obrigas contraídas por medio de instrumentos de financiamento público-privado, que abrangan a totalidade do sector público autonómico.

Recomendación núm. 4.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2011 17:16
Nº Rexistro: 71064
Data envío: 26/09/2011 17:16:27.469

O Parlamento de Galiza insta ao Consello de Contas á realizar un informe de fiscalización específico sobre as Cámaras de Comercio galegas e a súa viabilidade logo da supresión da cota cameral obrigatoria.

Recomendación núm. 5.

O Parlamento de Galiza insta ao Consello de Contas á realizar un informe sobre o impacto da contratación de obras e servizos da Comunidade Autónoma sobre as empresas radicadas en Galiza.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2011.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 26/09/2011 13:29:40



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727